



Rafael José Seoane Martínez (A Coruña, 6-09-1954- ¿?) é licenciado en Dereito e Graduado Social. Rexentou en Betanzos con Pablo Cancelo a Academia Mandeo, na Pza. dos Ánxeles. Foi anticuario e tivo unha casa de antigüidades en Óbidos, Portugal. Así mesmo, fundou dúas editoriais: «Editorial XYZ» e «Editorial Antiquvs V». Na contracuberta do seu libro *AMA LLULLA: la verdad sobre América del Sur*, defínese así:

... 1,7 m. De altura y 65 kg. de peso. Virgo. Rafael Seoane, un inadaptado que siempre ha buceado en la teoría y en la práctica, huyendo de los tópicos pero sin buscar lo utópico. Un buen día, decide hacer realidad sus ilusiones de juventud (cuando ésta ya declina) y se va solo a recorrer toda América del Sur...

Segundo datos do 25-01-2013, superaba os necesarios 50 países para ingresar no «Club mundial de grandes viaxeiros», posto que recorreu e mesmo describiu 60, a saber:

España (os 315 municipios gallegos, as 50 provincias, todas as illas Canarias e Baleares), Portugal (os seus 14 distritos, illas de Madeira e Azores) (2), Andorra, Francia (7 veces), Inglaterra, Italia (2), Vaticano, Alemaña, Rusia, Grecia, Austria, Hungría, Chequia, Eslovaquia, Malta, Mónaco, Dinamarca, Finlandia.

Venezuela, Panamá, Colombia, Ecuador (Galápagos, 2 veces, 3 illas), Perú, Bolivia, Chile (2 veces, con Chiloé e Pascua), Arxentina, Uruguay, Brasil, Paraguay, Estados Unidos (3), Canadá, México, Honduras, Guatemala, Costa Rica, Nicaragua.

Marruecos, Túnez, Kenya, Tanzania, Exipto.

Turquía, Xordania (Petra), Filipinas, Indonesia, Malasia, China, India.

Australia, Papúa-Nova Guinea, Salomón, Nauru, Vanuatu, Tuvalu, Fiyi (varias), Tonga, Samoa, Micronesia (Nam Madol), Nova Caledonia, Kiribati (atolóns de Tarawa -2- e KIRITIMATI)

Gosta de titularse «*Gran Isleño*», por haber estado en máis de medio cento de illas e atolóns, e «*Circunnavegador*» por dar a volta ó mundo en 1993.

É autor dos seguintes libros:

-(1991): *AMA LLULLA: la verdad sobre América del Sur*. Caamouco-Redes-Ares-A Coruña. Editorial XYZ, impreso en Lugami (Betanzos).

-(1992): *El poder*. Caamouco-Redes-Ares-A Coruña. Editorial XYZ, impreso en Lugami (Betanzos).

-(1993): *Ensayos de ensayo*. Caamouco-Redes-Ares-A Coruña. Editorial XYZ, impreso en Lugami (Betanzos).

-(1994): *Crónicas de un peregrinaje por Europa con el Real Club Deportivo de La Coruña*. Editorial XYZ, Caamouco-Redes-Ares-A Coruña. Impreso en Lugami (Betanzos).

-(1998): *Roteiro do antigo: Arqueologia, Monumentos, Lista de Antiquários*. Tradución de José Coutinho. Editorial Antiquvs V, Obidos (Portugal).

No Museo das Mariñas consérvanse ademais manuscritos dos seus libros publicados e outros sen publicar:

Ademais, consérvanse tamén dous volumes impresos co título *RESTO DE OBRA*, «por Kermês» (como se facía chamar nos últimos tempos; un nome tomado da illa de Kiritimati, en Kiribati, á que pretendía ir como última morada súa) que conteñen os seguintes títulos:

-*Los 56 Seoanes gallegos*.

-*AMA LLULLA (II)*.

-*Oceanía la desconocida*.

-*El poder (II)*.

-*Las 184 playas gallegas*.

-*Centiloquio (de la A a la K)*.



Retrato de Rafael Seoane realizado polo seu amigo Alfredo Erias, director do Museo das Mariñas, o 31 de marzo de 1993.

Outras obras son:

-*Proyecto de estudio de la influencia de la cultura gallega en el sur de América durante la colonización y en la actualidad: Uruguay, Argentina, Chile, Bolivia, Perú, Ecuador, Colombia, Venezuela*. Mecanografiado / encuadernado.

-*Aplicación de la Psicología al campo del trabajo*. Escuela Social de Santiago. Memoria presentada por el alumno RAFAEL JOSÉ SEOANE MARTÍNEZ y dirigida por el Profesor D. Enrique Ramos Hernández. Mecanografiada / encuadernada.

-Y después de los 50 (manuscrito).

Editou coa súa «marca gráfica» rexistrada varias láminas pedagóxicas: Reis de Portugal, Reis de España, Presidentes de Estados Unidos, Papas, Escritores de Portugal, etc.

Colaborou en varios números do *Anuario Brigantino* cos seguintes traballos:

- «*Betanzos-Bolivia*». AB 1986.

- «*Escudos de América*». AB 1987.

- «*El día en que Betanzos tuvo dos alcaldes*». AB 1988.

- «*Betanceiros en América*». AB 1991.

Coordinou o irmanamento entre o Betanzos galego e o Betanzos de Bolivia (16 de abril de 1988), logrando que viñera aquí o alcalde do Betanzos boliviano. Con tal motivo, D. Rafael Seoane foi nomeado «huésped ilustre» no Departamento de Potosí, Bolivia. Estivo establecido en Óbidos, Portugal, como anticuario.

O seu avó, natural de Bergondo, foi decano dos xoieiros de Galicia e tiña a «Joyería Seoane» na R/ San Andrés da Coruña.

Namorado de Betanzos, donou ó Museo das Mariñas unha extraordinaria colección de pezas: torques de ouro e prata, cerámica grega, cerámica ibérica, exvotos ibéricos e romanos de bronce, amuletos romanos de bronce, cerámica romana, colección sixilográfica, cerámica prehispanica, mobles, louza e axuar, moedas, un exvoto de ouro de pedras preciosas en forma de aguia, colección de diversos obxectos de bronce, marfiles, dúas follas dun salterio do s. XV, libros, láminas etc.

É por todo isto o protector máis importante do Museo das Mariñas, polo que o concello de Betanzos lle ten expresado o seu eterno agradecemento.